

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN AXUDAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO E PROFESORADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E FP BÁSICA DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN FORMACIÓN PROFESIONAL E QUE FORMAN PARTE DO CONSORCIO DE MOBILIDADE QUE DESENVOLVERÁ UN PROXECTO KA102 CON MÚLTIPLES BENEFICIARIOS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+. CONVENIO 2019-1-ES01-KA102-063732.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, solicitou unha subvención da Unión Europea ao abeiro do programa sectorial Erasmus, correspondente á Convocatoria nacional de propostas do Programa Erasmus+ para 2019.

A solicitude presentouse para un total de 420 mobilidades de estudantes de educación de FP (KA102), para prácticas por motivos de aprendizaxe, en países asociados ao Programa, e para 131 mobilidades de persoal (profesorado para formación, profesorado para visitas preparatorias e expertos de empresas) e 54 de profesorado acompañante. Na solicitude figura como institución organizadora e coordinadora do consorcio a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e como socios 43 centros educativos públicos (19 Centros Integrados de Formación Profesional, 23 Institutos de Educación Secundaria e 1 Centro de Educación Especial).

Mediante Resolución do 4 de xuño de 2019 da Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) publicáronse as listaxes de solicitudes seleccionadas e excluídas de proxectos da Acción Clave 1, Mobilidades das persoas por motivos de aprendizaxe no sector da Formación Profesional entre países do Programa (KA102) correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2019. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional resultou beneficiaria dunha axuda para o Consorcio de mobilidades por importe total de 1.977.498 €, dos que 1.684.000 € corresponden a axudas para mobilidades de alumnado, 172.498 € corresponden a axudas para mobilidades de persoal, e 121.000 € a gastos de organización das mobilidades.

O convenio asinado ten o seguinte número: 2019-1-ES01-KA102-063732.

No Anexo II ao convenio, con data do 3 de xullo de 2019, recóllese que o número total de mobilidades concedidas é de 587, das que 420 prazas corresponden a mobilidades de alumnado e 167 a mobilidades de profesorado. As mobilidades de alumnado e de profesorado realizaranse no período de vixencia do convenio de subvención asinado co SEPIE, inicialmente, desde o 3 de xullo de 2019 ao 2 de xullo de 2021.

O 9 de decembro de 2019 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa solicitou ao SEPIE a inclusión de 6 novos centros como socios do consorcio, que confirmou a súa alta o 18 de decembro de 2019.

Novamente, o 22 de xaneiro de 2020 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa solicitou ao SEPIE a inclusión de 2 novos centros como socios do consorcio, cuxa alta foi confirmada o 27 de xaneiro de 2020.



O 5 de febreiro de 2020 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa solicitou ao SEPIE a inclusión dun novo centro como socio do consorcio, sendo confirmada esta alta o 7 de febreiro de 2020.

O día 10 de marzo de 2020, o SEPIE publicou un comunicado no que se indicaba como terceiro punto que a duración dos proxectos podía ser ampliada como consecuencia da crise sanitaria da COVID-19.

O 26 de marzo de 2020, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa solicitou a ampliación de 12 meses, ata o 2 de xullo de 2022. Esa ampliación foi confirmada por parte do SEPIE con data do 30 de marzo de 2020.

A resolución coas bases da concesión de axudas de mobilidades é aplicable durante o novo período de validez do proxecto, sendo preciso establecer unhas datas de solicitude que permitan desenvolver as mobilidades durante o proxecto e que, á súa vez, respecten as necesidades organizativas dos centros e o calendario de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A finalidade desta modificación é establecer os prazos de solicitude das mobilidades do programa, tendo en conta que a duración do proxecto foi ampliada a 36 meses, do 3 de xullo de 2019 ao 2 de xullo de 2022, facilitando o procedemento e maximizando o aproveitamento por parte do alumnado e profesorado de ciclos formativos de grao medio e formación profesional básica pertencentes aos centros educativos públicos que forman parte do citado consorcio de mobilidades

Modifícase a resolución pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado e profesorado de ciclos formativos de grao medio e formación profesional básica de centros docentes públicos que imparten formación profesional e que forman parte do Consorcio de mobilidade que desenvolverá un proxecto KA102 con múltiples beneficiarios no marco do programa Erasmus+, Convenio 2019-1-ESO1-KA102-063732, quedando redactada como segue:

Artigo un. Cambio de denominación da Consellería

As referencias que na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado e profesorado de ciclos formativos de grao medio e formación profesional básica de centros docentes públicos que imparten formación profesional e que forman parte do consorcio de mobilidade que desenvolverá un proxecto KA102 con múltiples beneficiarios no marco do programa Erasmus + (Convenio 2019-1-ESO1-KA102-063732) se fan á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional entenderanse feitas, tras a entrada en vigor do Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, á Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Artigo dous. Modificación da Resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado e profesorado de ciclos formativos de grao medio e FP Básica de centros docentes públicos que imparten formación profesional e que forman parte do consorcio de mobilidade que desenvolverá un proxecto KA102 con múltiples beneficiarios no marco do programa Erasmus +. Convenio 2019-1-ESO1-KA102-063732

Un. O artigo 1 queda redactado como segue:

<<Artigo 1. *Obxecto*

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar as axudas de mobilidade destinadas ao alumnado (420 prazas) e ao profesorado (167 prazas) de ciclos formativos de grao medio e Formación Profesional Básica dos centros educativos públicos que forman parte do Consorcio de mobilidades que ten concedido a Consellería de Cultura, Educación e Universidade no marco do Programa Erasmus+, para realizar durante o período de duración do proxecto (3 de xullo de 2019 ao 2 de xullo de 2022).>>

Dous. O artigo 2 queda redactado como segue:

<<Artigo 2. *Requisitos*

1. Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado que estea cursando ciclos formativos de grao medio e Formación Profesional Básica durante os cursos 2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022 ou que rematara o ciclo formativo de grao superior de formación profesional nos 12 meses anteriores ao fin da mobilidade, nos centros públicos que forman parte do Consorcio de mobilidades (vid. táboa art. 7.1), así como o profesorado que imparta os devanditos ciclos, destinado nestes centros.

2. Modifícase a relación de centros que forman parte do Consorcio de mobilidades (vid. táboa art. 7.1), sumando un total de 52 centros educativos públicos, coa incorporación destes centros:

IES Pintor Colmeiro	IES Cidade de Antioquía	IES Espiñeira
IES Chan do Monte	IES Ramón María Aller Ulloa	IES Leixa
IES Escolas Proval	IES de Fene	IES Urbano Lugrís

3. Non poderá ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta resolución o alumnado e o persoal que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.>>

Tres. O artigo 5 queda redactado como segue:

<<Artigo 5. *Presentación de solicitudes*

1. As persoas solicitantes que reúnan os requisitos para participar nesta convocatoria presentarán a solicitude normalizada, segundo o anexo de esta resolución, no seu centro educativo nos prazos que o centro estableza.

2. Os/as directores/as dos centros educativos, nos que se van realizar as mobilidades de alumnado ou profesorado, enviarán a súa proposta de selección tendo en conta os criterios establecidos no artigo 4.

3. Os centros participantes enviarán á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a proposta de selección de profesorado que vai a realizar mobilidades, ou ben de alumnado, para realizar a FCT ou prácticas de titulados, nos prazos establecidos pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional. Como norma xeral, ata o 10 de febreiro para mobilidades que se realicen no período abril-xuño, ata o 30



de xuño para mobilidades realizadas no período setembro-decembro, e ata o 10 de novembro para mobilidades realizadas no período de xaneiro a marzo. Nas propostas de mobilidades para o ano 2022 terase en conta o prazo de execución do proxecto, que remata o 2 de xullo de 2022.

Se no momento de levar a cabo a mobilidade o alumnado seleccionado para realizar a FCT no programa Erasmus + non cumpre os requisitos para cursala, a súa praza asignarase automaticamente á primeira persoa na lista de espera do seu centro.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta modificación da resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp/programas-europeos>

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2021



Roman Rodríguez González

Conseleiro de Cultura, Educación e Universidade



ANEXO

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E FP BÁSICA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS QUE IMPARTEN FORMACIÓN PROFESIONAL E FORMAN PARTE DO CONSORCIO DE MOBILIDADES QUE DESENVOLVERÁ UN PROXECTO KA102 CON MÚLTIPLES BENEFICIARIOS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+, DURANTE OS ANOS 2020, 2021 e 2022	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
------	--	------------------	--	-----------------	--	-----	--

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa representante

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:

TELÉFONO MÓBIL				CORREO ELECTRÓNICO			
----------------	--	--	--	--------------------	--	--	--

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	

DATOS ACADÉMICOS

CENTRO

TITULACIÓN

MOBILIDADE NO ESTRANXEIRO

EMPRESA OU INSTITUCIÓN NAS QUE SE REALIZARÁN AS PRÁCTICAS (Só en caso de que se coñeza)

PAÍS

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
				IBAN			



ANEXO

(continuación)

PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, conforme o artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que dispón da documentación que así o acredita e que a poñerá á disposición da Administración cando lle sexa requirida.
5. Que se compromete a manter os ditos requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito, de maneira que se durante este período deixa de cumprir algún dos requisitos detallados na declaración, comunicarllo ao órgano xestor.
6. Que en relación con outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade:
 - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
 - Si solicitou e/ou se lle concederon as seguintes axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto:

DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO DA AXUDA ⁽¹⁾	IMPORTE (€)

(1) Poñer "CONCEDIDA", "PENDENTE" ou "DENEGADA", segundo corresponda.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.

- DNI ou NIE da persoa solicitante

DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO

o

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a xeefp@edu.xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se aproban as bases e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado e do profesorado de ciclos formativos de grao superior de centros docentes públicos que imparten formación profesional de grao medio e FP Básica e que forman parte do Consorcio de mobilidade que desenvolverá un proxecto KA102 con múltiples beneficiarios no marco do Programa Erasmus+, durante os anos 2020 e 2021.
- Modificación da resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se aproban as bases e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado e do profesorado de ciclos formativos de grao medio e FP Básica de centros docentes públicos que imparten formación profesional e que forman parte do Consorcio de mobilidade que desenvolverá un proxecto KA102 con múltiples beneficiarios no marco do Programa Erasmus+, durante os anos 2020, 2021 e 2022.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

